

# MULLERES NA MÚSICA

Século XX. Ritmos transgresores:  
Hip-Hop, Rap, Reggaeton y Trap.

As mesturas crean novos estilos

“ (...) Nen sumisa nen obediente  
muller forte insurxente  
independente e valente  
romper as cadeas do indiferente.

Nen pasiva nen oprimida  
muller linda que dá vida,  
emancipada en autonomía  
antipatriarcal e leda.

A liberar, a liberar, a liberar,  
libera. Libera, libera. ”

Ana Tijoux  
(de la canción "Antipatriarca")



**GATA CATANA (Ana Sforza).** Ana García Llorente ( Adamuz, Córdoba, 11 de maio de 1991 – Madrid, 2 de marzo de 2017). Artista, rapeira, poetisa, feminista e politóloga andaluza.

**ANA TIJOUX.** Ana Mª Tijoux Merino (Lille, Francia, 12 de xuño de 1977). Cantante, música, rapera, letrista e compositora chilena-francesa. Feminista e activista, é posuídora dun Grammy Latino (2014) e outras seis nominacións.

**CHOCOLATE REMIX.** Grupo arxentino de reggaeton lésbico e feminista, liderado pola cantante, compositora e produtora Romina Bernardo, tamén coñecida como "Choco".

Luns Martes Mércores Xoves Venres Sábado Domingo

OUTUBRO

				1	2	3	4
				1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino.	381-385 Exeria de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina.	1916 nace en Ferrol Mª de los Ángeles Alvaríño, pioneira na oceanografía en España.	1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida coa paz e os DD.HH.
5	6	7	8	9	10	11	
1789 Na Revolución Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles.	1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista.	A María Mariño por "Palabra no Tempo" e "Verba que comeza".	2004 Wangari Maathai, ministra keniana, recibe o Nobel da Paz.	1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana.	1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto.	<b>DÍA INTERNACIONAL DA NENA</b> 2008 Lixia Pedreira, cantautora galega, crea e dirixe o Centro de Música Popular de Galicia.	
12	13	14	15	16	17	18	
<b>DÍA das ESCRITORAS</b> 1942 Falece no exilio Amparo López Jean, integrante da Executiva do Partido Galeguista en 1936.	Comemórase anualmente o Ada Lovelace Day, celebración Internacional dos logros de mulleres na ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. s.XVIII Mª Teresa Caamaño e Mª Fca Ista, ilustradas galegas. A súa obra foi queimada.	1906 Nace Hannah Arendt, filósofa alemá e grande intelectual do século XX.	<b>Día Mundial da Muller Rural</b> 1898 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas de muller.	1992 Rigoberta Menchú, líder indixanista guatemalteca. Nobel da Paz.	1978 Inaugúrase a Librería de Mulleres de Madrid.	1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Ensenanza.	
19	20	21	22	23	24	25	
1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró.	1793 Durante a Revolución Francesa, o goberno dissolve os Clubes Femininos.	1911 Nace Mary Blair, artista estadounidense destacada polo traballo que realizou para The Walt Disney Company.	1961 Nace Belén Feliu na Coruña. Escritora e colaboradora da revista A Festa da Palabra Silenciada.	1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora, participou en Acción Feminista Dominicana.	1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller.	1938 Morre a poeta/poetisa Alfonsina Storni. <i>Te vas Alfonsina con tu soledad. ¿Qué poemas nuevos fuiste a buscar?.</i>	
26	27	28	29	30	31		
1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba.	1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear.	s. X Ilduara e Elvira Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza altomedieval.	1958 Morre Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro.	1989 Morre en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos dereitos civís.	1711 Nace Laura Bassi. Traduciu e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia.		

Tempo de mulleres,  
mulleres no tempo

